

O alcalde que berrou «penalti»

Por LOIS DIEGUEZ

Don Pedro, ollando con interés o partido, inquédase. Todos pensan que anda entusiasmado, mais non é así. Está a matinar. O oficio público axudoulle a mostrar as apariencias, a disimular, pois aínda que o espectador pense que segue as viravoltas do balón, el, non está ali. Anda polos eidos problemáticos da alcaldía, gratificantes ás veces, desesperantes as máis. Pero ao menos reconfórtanno, séntese necesario e até salvador.

Pola noite, na escuridade do cuarto, confesoulle á muller que xa non aturaba máis o teatro de ollar os partidos, «Non sinto iso», dixo. Ela irritouse porque sabía o que aquilo podía significar. «Tes que continuar asistindo —ordenoulle—. Aínda que reventes».

Foi o nervosismo quen o denunciou. Aquel domingo había amosar máis interés polo equipo local, pois xogaba contra o da capital veciña. Precisamente esta veciñanza criou os ódios das xentes do municipio contra a cidade grande. El interpretou mal a xogada —en realidade nunca soubera distinguir as regras do xogo—, e berrou, ¡penalti!, con tan mala sorte que así axudaba ao equipo de fóra. Armouse un barullo do caráño. Logo viñeron os berros dos máis apaixonados: «Traidor. ¡Volve polo nemigo!».

A oposición fixo a súa campaña no xornal local e chegou a inzar a cidade de carteliños co retrato de Don Pedro berrando o sonado ¡penalti!, e un pé: «Así axuda ao deporte da casa».

Catro anos de xestión ao traste

De nada valeu lembrar a xestión dos catro anos no decurso dos cales o municipio mudou da ruína a unha certa prosperidade. Mesmo o apartado cultural —un traballo minucioso que encheu os bairros de actos organizados pola propia xente, nada menos—, fachenda máxima do equipo de goberno, foi utilizado tamén pola oposición como contraste dos intereses de Don Pedro a favor da cultura.

As forzas vivas do deporte local puxeron máis carne na grella, e un segundo cartel ---utilizado xa como pre-campaña eleitoral--- amenceu no gris da cidade chamando escandalosamente desde vaías, muros e fachadas: «A cultura, sen a vitalidade do deporte, non é nada. Agora baixaremos a segunda. É a vergoña absoluta».

Don Pedro perdeu as eleccións estrondosamente. E hoxe, cando asoma a cabeza calva e o sorrir afábel polos cafés ou as tabernas da cidade, a xente bótase a rir e sempre di: «Aí tedes a Don Pedro, que perdeu a alcaldía por berrar penalti a destempo». Mais isto non é o máis penoso, pois a súa dona anda a dicir tamén polos cafés que o deixou porque nen tan sequer soubo adaptarse ao necesario e importantísimo teatro público. «E un home así, ¿para que che vale?», remata sempre como colofón ollando en fite para a señora do presidente do equipo local.

Orbazai, 22 de abril 1988.